

Os Reis Católicos e o Imperio dos Austria (séculos XV-XVII)

Como se creou o Estado moderno en Hispania e se forxou o Imperio dos Austria?

Que causas provocaron a súa crise e decadencia?

Introducción

- No século XV, o **casamento de Isabel de Castela e Fernando de Aragón**
 - Uniu os dous reinos
 - Deu orixe á **unificación territorial**, ao
 - Conquistar Granada
 - Anexionarse Navarra
- Os Reis Católicos estableceron as bases do **Estado moderno**
- En 1492, **Cristovo Colón**, en nome da Coroa castelá
 - Acadaba o continente americano
 - Iniciándose a súa conquista e colonización
- Os descendentes dos Reis Católicos, a **dinastía dos Austria**,
 - Gobernaron o **Imperio** máis grande i importante do século XVI
 - Mais no século XVII, as guerras e os problemas económicos conduciron a unha fonda crise

Alonso SÁNCHEZ COELLO: Filipe II no banquete dos monarcas, 1596





REIS CATÓLICOS		CARLOS I	FILIPE II	FILIPE III	FILIPE IV	CARLOS II			
1460-1474:	1475-1499	1500-1524	1525-1549	1550-1574	1575-1599	1600-1624	1625-1649	1650-1674	1675-1700
<ul style="list-style-type: none"> • 1469 Matrimonio de Isabel de Castela e Fernando de Aragón • 1492 Conquista de Granada. • 1494 Tratado de Tordesillas 	<ul style="list-style-type: none"> • 1479 Fernando, rei de Aragón. Isabel, raíña de Castela • 1486 Sentenza Arbitral de Guadalupe • 1492 Conquista de Granada. Expulsión dos xudeus. • 1494 Tratado de Tordesillas • 1504 Conquista de Nápoles 	<ul style="list-style-type: none"> • 1503 Casa de Contratación de Sevilla • 1505 Leis de Toro • 1512 Leis de Burgos • 1515 Incorporación de Navarra a Castela 	<ul style="list-style-type: none"> • 1516 Carlos I, rei de España • 1519 Inicio da conquista do Imperio azteca • 1520 Levantamentos das Comunidades e as Xermanias • 1524 Creación do Consello de Indias • 1525 Batalla de Pavia 	<ul style="list-style-type: none"> • 1531 Inicio da conquista do Imperio inca • 1542 Leis Novas de Indias • 1547 Batalla de Mühlberg • 1555 Paz de Augsburgo 	<ul style="list-style-type: none"> • 1556 Abdicación de Carlos I. Filipe II, rei • 1557 Batalla de San Quintín • 1564 Madrid Capital • 1568 Insurrección dos mouriscos • 1571 Batalla de Lepanto 	<ul style="list-style-type: none"> • 1598 Filipe III, rei • 1599 O duque de Lerma, valido do monarca • 1609 Decreto de expulsión dos mouriscos 	<ul style="list-style-type: none"> • 1621 Filipe IV, rei. O conde-duque de Olivares, valido do monarca 1640 ————— 1652 Rebelións en Portugal e Cataluña • 1643 Derrota dos terzos españois en Rocroi • 1652 Independencia de Portugal 1659 Paz dos Pireneos 1618 ————— 1648 Guerra dos Trinta Anos 1648 Paz de Westfalia 	<ul style="list-style-type: none"> • 1665 Carlos II, rei 1665 — 1675 Rexencia da súa nai, Mariana de Austria • 1677 Juan José de Austria, valido do monarca 1700 Morre Carlos II sen descendencia 	

REIS CATÓLICOS			CARLOS I (V DE ALEMAÑA)	FILIPE II	FILIPE III	FILIPE IV	CARLOS II		
1460-1474	1475-1499	1500-1524	1525-1549	1550-1574	1575-1599	1600-1624	1625-1649	1650-1674	1675-1700
<ul style="list-style-type: none"> 1469 Matrimonio de Isabel de Castela e Fernando de Aragón 1476 Creación da Santa Imandade 	<ul style="list-style-type: none"> 1486 Sentenza Arbitral de Guadalupe 1492 Conquista de Granada. Expulsión dos xudeus. Descubrimento de América 1494 Tratado de Tordesillas 1479 Fernando, rei de Aragón. Isabel, reina de Castela 	<ul style="list-style-type: none"> 1504 Conquista do Reino de Nápoles. Morte de Isabel de Castela. Xoana, rainha de Castela 1505 Leis de Toro 1512 Leis de Burgos 1515 Incorporación de Navarra a Castela 1516 Morte de Fernando de Aragón 1503 Creación da Casa de Contratación de Sevilla 	<ul style="list-style-type: none"> 1516 Carlos I, rei de España 1519 Carlos V, emperador de Alemaña. Inicio da conquista do Imperio azteca 1520 Levantamentos das Comunidades e as Xermanias 1524 Creación do Consello de Indias 1525 Vitoria de Carlos I contra os franceses en Pavia 1542 Leis Novas de Indias 1555 Paz de Augsburgo 1447 Vitoria de Carlos I contra os protestantes en Mühlberg 	<ul style="list-style-type: none"> 1566 Rebelión nos Países Baixos 1568 Insurrección dos mouriscos 1571 Vitoria de Filipe II contra os turcos en Lepanto 1556 Abdicación de Carlos I. Filipe II, rei 1557 Vitoria de Filipe II contra os franceses en San Quintín 	<ul style="list-style-type: none"> 1580 Incorporación de Portugal á Coroa española 1588 Armada Invencible contra Inglaterra 1599 O duque de Lerma, valido do monarca 1609 Decreto de expulsión dos mouriscos. Tregua nos Países Baixos 	<ul style="list-style-type: none"> 1598 Filipe III, rei 1599 O duque de Lerma, valido do monarca 1609 Decreto de expulsión dos mouriscos. Tregua nos Países Baixos 1618 Guerra dos Trinta Anos 	<ul style="list-style-type: none"> 1621 Filipe IV, rei. O conde-duque de Olivares, valido do monarca 1643 Derrota dos terzos españois en Rocroi 1648 Paz de Westfalia 1665 Carlos II, rei 1665 Rexencia da súa madre, Mariana de Austria 1677 Xoan Xosé de Austria, valido do monarca 1659 Paz dos Pireneos 	<ul style="list-style-type: none"> 1700 Morre Carlos II sen descendencia 	

COROA DE CASTELA			REINADO DOS REIS CATÓLICOS															
COROA DE ARAGÓN																		
1465	1470	1475	1480	1485	1490	1495	1500	1505	1510	1515	1520							
1469 Matrimonio de Isabel de Castela e Fernando de Aragón	1474 Isabel I, rainha de Castela		1478 Tribunal da Inquisición en Castela	1479 Fernando II, rei de Aragón. Unión dinástica	1486 Sentenza Arbitral de Guadalupe	1488 Bartolomeu Dias chega ao cabo de Boa Esperanza	1492 Conquista de Granada. Expulsión dos xudeus. Chegada de Colón a América	1493 2.ª viaxe de Colón	1496 Dominio das illas Canarias	1498 3.ª viaxe de Colón. Vasco da Gama chega á India	1499 Tratado de Tordesillas	1499 Bautismo obrigatorio dos musulmáns	1502 4.ª viaxe de Colón	1504 Morte de Isabel a Católica. Conquista do reino de Nápoles	1505 Leis de Toro	1513 Nuñez de Balboa descobre o océano Pacífico	1516 Morte de Fernando o Católico	1515 Incorporación de Navarra a Castela

HUMANISMO E RENACEMENTO







1.- Os Reis Católicos: a construción do Estado moderno

- Os Reis Católicos foron o primeiro exemplo de **monarquía autoritaria** nos reinos hispánicos
- Con eles finalizou o convulso tempo baixo-medieval dominado por
 - Os enfrontamentos entre os nobres
 - E entre estes e a monarquía
- Os novos monarcas
 - Uniron as súas Coroas para gañar peso e poder
 - Construíron as institucións e organismos do Estado moderno
 - Impuxeron o seu poder político por enriba do da nobreza e o clero
 - Estableceron unha política de alianzas internacionais, que lles outorgaba poder e influencia en Europa

Os reinos peninsulares no século XV





O reinado dos Reis Católicos.



Fernando o Católico

1.1. A unión dinástica (1)

- O casamento entre Isabel de Castela e Fernando de Aragón en 1469 deu lugar á creación en 1479, cando acceden ambos os dous ao trono, a unha nova entidade política: a **Monarquía Hispánica**.
 - Eran os herdeiros das dúas coroas con maior peso e importancia da Península
- Esta monarquía debe entenderse como unha **unión dinástica** de dúas Coroas que conformaron un **Estado plural e non unitario**:
 - Integrado por uns territorios (Castela, Aragón, Cataluña, Valencia, territorios vascos ...) que só tiñan en común unha mesma monarquía, un rei
 - No que cada reino seguiu a rexerse polas súas leis e institucións: Cortes, Consellos...
- Denominábase España á asociación de todos os pobos da Península Ibérica
 - Pero non tiña un significado político, só xeográfico
 - De tal xeito que os Reis Católicos non utilizaron a denominación de Reis de España senón dos diferentes reinos que a formaban

1.1. A unión dinástica (2)

- Permaneceron diferenciadas
 - As súas leis
 - As súas institucións, coas súas Cortes en cada reino
 - As súas moedas
- As fronteiras, entre os diversos territorios obrigaban ao pagamento de dereitos sobre as mercadorías
- Agora ben, na nova monarquía
 - As leis e disposicións reais eran asinadas por representantes de ambos os dous reinos de forma conxunta: Tanto Monta, Monta Tanto Isabel como Fernando
 - As súas institucións xuráronse mutua lealdade
- A pesar deste aparente equilibrio, o maior peso territorial, demográfico e económico de Castela ao longo dos séculos XVI e XVII
 - Orixinou unha **crecente castelanización** da monarquía
 - O descenso do peso político da Coroa de Aragón



Fernando II de Aragón e Isabel I de Castela



1. Que territorios posuían Fernando e Isabel nas súas respectivas Co-roas?



OCEANO ATLANTICO

Mar Cantábrico

REINO DE PORTUGAL

REINO DE NAVARRA

REINO

DE

CASTELA

1479

COROA

DE

ARAGÓN

REINO DE GRANADA

Mar Mediterráneo

© I.C.L.

unión cos Reis Católicos

A unión dos Reis Católicos.



A poboación en 1530.

Territorio	Habitantes (en milleiros)
Reino de Castela	3 919
Coroa de Aragón	779
Navarra e País Vasco	268

Doc.2.- Os poderes de Fernando e Isabel

- En 1475 a raíña Isabel recoñeceu a Fernando estes poderes en Castela:
- “Dándolle poder ao dito rei, o meu señor, para onde queira que for nos ditos reinos e señoríos poida, por si no seu cabo, aínda que eu non sexa polo tanto, prover, mandar, facer e ordenar todo o que lle for visto e o que por ben tiver (...). Outrosí doulle poder de ordenar e dispoñer (...) das cidades, vilas e lugares e das fortalezas, tenencias e alcaldías (...) e de prover de oficiais e corrixidores como a el prouguer e lle for visto (...) transferindo nel, segundo que pola presente lle transfiro, toda aquela potestade e aínda suprema, alta e baixa, que eu teño e a min pertence como a herdeira e lexítima sucesora que son dos ditos reinos e señoríos.”
- En 1479, Fernando recoñeceu a Isabel estes poderes en Aragón:
- “Nomeamos e ordenamos correxente, gobernadora, administradora xeral e outra nos nosos reinos de Sicilia, Valencia, Mallorca, Sardeña e Córsega, principado de Cataluña, illas adxacentes e outros reinos e terras da Coroa real de Aragón.”
- **Ratificación do Tratado de Alcaçovas, 1479**
- **Que poderes recoñeceu Isabel a Fernando en 1475?**
- **E Fernando a Isabel en 1479?**

En 1475 a raíña Isabel recoñeceu a Fernando estes poderes en Castela:

Dándolle poder ao dito rei, o meu señor, para que onde queira que for nos ditos reinos e señoríos poida, por si no seu cabo, aínda que eu non sexa polo tanto, prover, mandar, facer e ordenar todo o que lle for visto e o que por ben tiver (...). Outrosí doulle poder de ordenar e dispoñer (...) das cidades, vilas e lugares e das fortalezas, tenencias e alcaldías (...) e de prover de oficiais e corrixidores como a el prouguer e lle for visto (...) transferindo nel, segundo que pola presente lle transfiro, toda aquela potestade e aínda suprema, alta e baixa, que eu teño e a min pertence como a herdeira e lexítima sucesora que son dos ditos reinos e señoríos.

En 1479, Fernando recoñeceu a Isabel estes poderes en Aragón:

Nomeamos e ordenamos correxente, gobernadora, administradora xeral e outra nos nosos reinos de Sicilia, Valencia, Mallorca, Sardeña e Córsega, principado de Cataluña, illas adxacentes e outros reinos e terras da Coroa real de Aragón.

*Ratificación do Tratado de Alcáçovas, 1479
(tradución e adaptación).*

2. Que poderes lle recoñeceu Isabel a Fernando en 1475? E Fernando a Isabel en 1479?



Medallón que representa aos Reis Católicos compartindo o cetro do poder

1.2.- A construción dunha monarquía autoritaria

- O reforzamento do poder real
- As institucións da monarquía

O reforzamento do poder real

- Un territorio unido non era suficiente.
- Os monarcas coincidían tamén na necesidade de
 - **Impoñer a súa autoridade á nobreza e a parte do clero,**
 - Que durante a Baixa Idade Media se levantaran repetidamente contra o poder real
- Para iso
 - Primeiro venceron polas armas á nobreza e aos grandes señores eclesiásticos na **batalla de Toro** en 1476
 - Impuxeron a súa autoridade
 - Despois recuperaron parte do patrimonio real nas mans dos señores
- Malia o anterior, aceptaron garantir á aristocracia e á Igrexa o seu poder e influencia a cambio da súa **submisión política:**
 - Consolidaron os privilexios dos señoríos xurisdiccionais de nobres e eclesiásticos
 - Consolidaron o seu poder dentro da Mesta
 - Por outra banda, as Leis de Toro de 1505 xeneralizaronn a institución do **morgado**, que vincula as terras aos grandes títulos nobiliarios


As institucións da monarquía (1)

- Unha vez dominados a nobreza e clero, os monarcas organizaron unha serie de **institucións eficaces para afirmar a autoridade real**
- Deste modo crearon
 - Un **exército permanente**, no que a nobreza, arredada da política, conservou cargos e prerrogativas
 - Un **corpo de embaixadores**, que atendía os asuntos diplomáticos, para reforzar a política exterior
 - A figura dos **corrixidores**,
 - Eran delegados do poder real en vilas e cidades,
 - Presidían os concellos
 - Tiñan funcións xudiciais e de orde pública
- Así mesmo, os Reis Católicos reorganizaron outras institucións
 - O **Consello Real**,
 - Apartando á gran nobreza
 - Introducendo letrados e **secretarios** procedentes da baixa nobreza e da burguesía
 - As **Cortes** perderon protagonismo, sobre todo en Castela.
 - Só se reunían cando os reis precisaban máis recursos financeiros
 - Ou cando tiñan que confirmar o novo rei
 - A **Audiencia** de Valladolid para a administración de Xustiza
 - Crearon outras novas en Sevilla e Galicia

As institucións da monarquía (2)

- Na **Coroa de Aragón** mantivéronse as institucións tradicionais,
 - As Cortes manteñen maior peso político
 - Instituíuse o cargo de lugartenente,
 - Logo denominado **vicereí**,
 - Era o representante dos reis que exercía de forma plena a autoridade real
 - A figura do **Xustiza Maior** de Aragón continuou vixente a
 - A súa misión era exercer de árbitro entre o rei e os seus súbditos
 - En Cataluña e Valencia seguiron a funcionar as súas propias institucións xudiciais
- Malia as reformas, non foron tarefas fáciles
 - Controlar os territorios da Coroa
 - Impoñer as leis
 - Controlar os excesos da nobreza e do clero
- Por iso, durante o seu reinado os Reis Católicos **non establecen unha capital fixa**: Desprazábanse de maneira practicamente continua por todo o territorio para:
 - Impartir xustiza
 - Reforzar a súa autoridade

INSTITUCIÓN DA MONARQUÍA AUTORITARIA



Os organismos de goberno en Castela

CONSELLO DE CASTELA

Formado por xuristas escollidos e pagados polo rei.

CONTADORÍA REAL

Encargada de mellorar a recadación dos impostos reais.

REAL AUDIENCIA OU CHANCELARÍA

Tramitan os preitos e imparten xustiza en nome dos reis. Creáronse en Granada, Valladolid e Cidade Real.

CORRIXIDORES

Funcionarios reais que controlan os municipios.

SANTA IRMANDADE

Corpo armado para perseguir malfeitores e garantir a orde.



▼
Os Reis Católicos impartindo xustiza no século XV. Os monarcas aloxábanse nos palacios reais ou alcázares, normalmente das cidades de Burgos, Valladolid, Segovia, Madrid, Toledo, Córdoba e Sevilla.



Patio do palacio do Infantado (Guadalaxara).

Doc.3.- O Gran Capitán

- **Gonzalo Fernández de Córdoba, o Gran Capitán, foi o militar de maior prestixio ás ordes dos Reis Católicos**
 - Conseguiu derrotar os franceses en Italia
 - Modernizou as tácticas de guerra
 - Transformou a infantería no que foron os terzos
- Existe unha lenda que narra que
 - Fernando o Católico lle pediu contas detalladas dos seus gastos en Italia
 - O Gran Capitán contestou, entre outras cousas: “(...) por repoñer as campás avariadas a causa do continuo repicar da vitoria, cento setenta mil ducados e (...) pola paciencia de ter que descender a pequeneces do rei a quen lle regalei un reino, cen millóns de ducados”.
 - Deste xeito, a frase **“as contas do Gran Capitán”** quedou como expresión de contas das que non se dan explicacións

Gonzalo Fernández de Córdoba, o Gran Capitán, foi o militar de maior prestixio ás ordes dos Reis Católicos. Conseguiu derrotar os franceses en Italia, modernizou as tácticas de guerra e transformou a infantaría no que foron os terzos.

Existe unha lenda que narra que Fernando o Católico lle pediu contas detalladas dos seus gastos en Italia e o Gran Capitán contestou, entre outras cousas: "(...) por repoñer as campás avariadas a causa do continuo repicar da vitoria, cento setenta mil ducados e (...) pola paciencia de ter que descender a pequeneces do rei a quen lle regalei un reino, cen millóns de ducados".

Deste xeito, a frase *as contas do Gran Capitán* quedou como expresión de contas das que non se dan explicacións.



Vittore CARPACCIO: Novo cavaleiro, 1510.

2.- Como conseguiron os Reis Católicos a pacificación social? (1)

- A **sociedade** na época dos Reis Católicos mantiña, en esencia, as mesmas características que na Baixa Idade Media
 - Era, xa que logo, **maioritariamente rural**
 - Con **predominio social da nobreza**
 - Profundamente **dominada polas crenzas relixiosas e o poder da Igrexa**
- Tanto na Coroa de Castela como na de Aragón, nas décadas precedentes producíranse fondas conmocións sociais: guerras civís, levantamentos campestres, crise demográfica ...
- Os novos monarcas non só querían impoñer a súa autoridade senón tamén
 - **Pacificar os seus reinos**
 - **Cohesionar a poboación**
- Así, dunha banda **contentaron os privilexiados**
 - Consolidando os privilexios xurisdicionais nos señoríos de nobres e eclesiásticos
 - Consolidando o seu poder dentro da Mesta
 - Xeneralizando a institución do morgado que vinculaba as terras aos grandes títulos nobiliarios

2.- Como conseguiron os Reis Católicos a pacificación social? (2)

- Doutra, crearon institucións como a **Santa Irmandade** en 1476
 - Era unha institución con atribucións de policía e tribunal de xustiza
 - Para restaurar a seguridade nos campos de Castela e acabar co bandoleirismo
- Igualmente, Fernando o Católico promulgou a **Sentenza Arbitral de Guadalupe**
 - Establecía a abolición dos malos usos a favor dos remensas
 - Conseguiu acabar coa guerra civil en Cataluña
- Pero ademais, como produto da peculiar historia medieval, a sociedade da época dos Reis Católicos presentaba un gran pluralismo relixioso
 - Cristiáns, xudeus e musulmáns convivían con dificultade nos límites do enfrontamento
- Os monarcas atoparon, na **imposición da fe católica**, o mecanismo **para integrar e unificar os habitantes dos seus reinos**
 - A denominación de Reis Católicos deriva, precisamente, do seu empeño en preservar e difundir o catolicismo
 - Perseguindo de forma sistemática a quen pertencía a outras crenzas

Doc.1a.– O morgado

- “O morgado era unha institución xurídica castelá que permitía vincular os bens hereditariamente (...) de xeito que o patrimonio incluído no vínculo nunca puidese allearse. A pesar de ter precedentes xurídicos nas centurias anteriores, non se consolidou ata o derradeiro terzo do século XIV, (...) baixo o abeiro e a permisividade da Coroa. Ao longo do século XV fundáronse os morgados das máis poderosas liñaxes do reino, como é o caso dos duques do Infantado, Medina Sidonia, Medinaceli ou Frías (...). Neste contexto de continua xeneralización desta práctica, tiveron lugar en 1505 as Cortes casteláns en Toro, onde se regulou legalmente o funcionamento dos morgados.”
- **Enrique José Ruíz Pilares: O morgado (...), 2012**
- **Que garantía a institución do morgado?**
- **Como beneficiaba á nobreza?**

Doc.1b.- A Mesta

- “E eu, pola presente, reservo os gandos, e aos seus Donos, e Pastores Maiorais, e cousas que levaren e trouxeren na miña garda, e seguro amparo e defensa real: e calquera que o contrario fixer, que caia, e incorra nas penas en que caen aqueles, que quebrantan (...) o mandado dos seus reis, e Señores naturais.”
- **Fernando o Católico, 1475**
- **Que concesións se lles fixeron aos gandeiros?**



▼
Miniatura do século XV que nos amosa unha escena aldeá cun pastor e as súas ovellas.

Doc.2.- A Santa Irmandade

- “Moi excelentes Señores, a VA, é notorio cantos roubos, e asaltos e mortes e feridas e presións de homes se fan e se cometen cada día nestes nosos Reinos nos camiños e ermos (...) e porque vemos que os vosos Reinos con tales cousas son maltratados, pensamos en como remedialo (...) e entre os remedios pareceunos o máis acertado que se creasen Irmandades en todos os vosos Reinos e cada cidade e vila (...), e as unhas coas outras, e despois uns partidos con outros e da cal a vosa Alteza faga facer as súas Ordenanzas. Polo tanto suplicamos que as mande dar por lei en todos os vosos Reinos para que teñan maior forza e vigor.”
- **Cortes de Madrigal, Creación da Santa Irmandade, 1476**
- **Que era a Santa Irmandade?**
- **Cando se creou?**
- **Con que motivo e obxectivo?**

Moi excelentes Señores, a VA, é notorio cantos roubos, e asaltos e mortes e feridas e presións de homes se fan e se cometen cada día nestes nosos Reinos nos camiños e ermos (...) e porque vemos que os vosos Reinos con tales cousas son maltratados, pensamos en como remedialo (...) e entre os remedios pareceunos o máis acertado que se creasen Irmandades en todos os vosos Reinos e cada cidade e vila (...), e as unhas coas outras, e despois uns partidos con outros e da cal a vosa Alteza faga facer as súas Ordenanzas. Polo tanto suplicamos que as mande dar por lei en todos os vosos Reinos para que teñan maior forza e vigor.

*Cortes de Madrigal, Creación da Santa Irmandade, 1476
(tradución e adaptación).*

Doc.3.- A fin da servidume

- Nós, Fernando, pola graza de Deus, rei de Castela, de Aragón (...) sentenciamos que os chamados malos usos non sexan nin observados (...) nin se poidan esixir dos campesiños nin dos seus descendentes (...).
- Declaramos que os devanditos campesiños e os seus descendentes sexan perpetuamente libres (...) e anulamos o dereito e facultade que os señores pretenden ter de maltratar os ditos países (...). Sentenciamos, arbitramos e declaramos que os ditos países (...) e sucesores seus (...) poidan ir libremente onde queiran, e cando queiran, con todos os seus bens mobles (...).”
- **Sentenza Arbitral de Guadalupe, 1486**
- **Como se resolveu o conflito remensa en Cataluña?**
- **Que anulaba a Sentenza Arbitral de Guadalupe?**

Nós, Fernando, pola graza de Deus, rei de Castela, de Aragón (...) sentenciamos que os chamados malos usos non sexan nin observados (...) nin se poidan esixir dos campesiños nin dos seus descendentes (...).

Declaramos que os devanditos campesiños e os seus descendentes sexan perpetuamente libres (...) e anulamos o dereito e facultade que os señores pretenden ter de maltratar os ditos países (...). Sentenciamos, arbitramos e declaramos que os ditos países (...) e sucesores seus (...) poidan ir libremente onde queiran, e cando queiran, con todos os seus bens mobles (...).


Sentenza Arbitral de Guadalupe, 1486
(tradución e adaptación).

Doc.4.- O Tribunal da Inquisición

- O instrumento central para impoñer a ortodoxia católica foi o **Tribunal da Santa Inquisición**, creado polo Papado no século XIII para reprimir
 - A herexía
 - A superstición
 - A bruxaría
- A Inquisición non actuara en Castela
 - Atopábase en retroceso en Europa e mais na Coroa de Aragón, onde si se implantara
- Os Reis Católicos convertérono nun **instrumento de control ideolóxico e de unidade relixiosa**
 - Ao lle encargaron a persecución dos sospeitosos de herexía
 - E moi especialmente dos xudeus e musulmáns convertidos ao catolicismo: conversos
- **Que era a Santa Inquisición?**
- **Para que a utilizaron os monarcas?**



▼
F. RICCI: *Auto de fe na praza Maior de Madrid, 1683*. Mediante os Autos de fe, a Inquisición xulgaba os sospeitosos de herexía.



comisarios

inquisidores

consultor

tribunal

secretario

acusado
arrepentido

acusado

procurador

Un tribunal da Inquisición

2.5.- A expulsión dos xudeus

- Unha das primeiras decisións reais en defensa da unidade relixiosa foi a **expulsión en 1492 dos xudeus que non aceptasen converterse ao catolicismo**
 - Foi o episodio final dunha persecución, iniciada xa na Idade Media
 - A saída iniciouse no ano 1482, en Andalucía
 - Pero a súa expulsión xeral foi aprobada en marzo de 1492
- Afectou
 - Unhas 150 000 persoas en Castela
 - Unhas 30 000 en Aragón, cuxas propiedades foron confiscadas
 - Unhas 50 000 persoas, aproximadamente, aceptaron ser bautizadas

Doc.5.- A expulsión dos xudeus

- “Don Fernando e Dona Isabel (...) acordamos mandar saír todos os xudeus dos nosos reinos, que xamais tornen; (...) que ata a fin do mes de xullo que vén saian todos cos seus fillos, de calquera idade que sexan, e non ousen tornar (...) so pena de morte. E mandamos que ninguén dos nosos reinos sexa ousado de recibir, acoller ou defender publica ou secretamente xudeu nin xudía pasado o termo de xullo (...) so pena de confiscación de todos os seus bens. (...) Autorizámoslos a sacar os seus bens por terra e mar, en tanto non sexa ouro nin prata, nin moeda nin as outras cousas vedadas.”
- **Decreto de expulsión dos xudeus. Granada, 31 de marzo de 1492**
- **Cando se expulsa aos xudeus?**
- **En que condicións?**
- **Por que?**

A conversión dos mouriscos

- Coa conquista de Granada, aos mudéxares que habitaban na coroa de Aragón, uns 110.000, e en Castela, arredor de 25.000, agregáronse outros 200.000 granadinos.
- De acordo coas Capitulacións de Granada, os vencidos conservarían os seus bens, os seus sinais de identidade, a súa relixión e non se forzaría a súa conversión ao cristianismo.
- Mais as presións dos cristiáns e as campañas de conversión forzosa, emprendidas polo Cardeal Cisneros, desencadearon aa sublevación dos mudéxares do Albaicín, as Alpuxarras e a Serranía de Ronda.
 - Entre 1499 e 1501 foi reprimida militarmente por Fernando
 - En 1502 os mudéxares tiveron que escoller entre a conversión ou a expulsión.
 - Os mudéxares convertidos ao cristianismo foron chamados mouriscos.
- Lográbase así o obxectivo de acadar un Estado homoxéneo, no que, en teoría, non había minorías relixiosas.

Doc.6.- A conversión forzosa dos mouriscos

- Desde as capitulacións asinadas en Santa Fe, (1491), aos musulmáns granadinos permitíuselles o uso do seu dereito e da súa lingua, e garantíuselles a liberdade relixiosa e a conservación das súas propiedades (...). Pero moi axiña, a intransixencia do Cardeal Cisneros propiciou medidas menos tolerantes que culminarían co decreto do 12 de febreiro de 1502 polo que os Reis Católicos cominaban aos musulmáns, (...) dos Reinos de Castela e León a que elixisen entre a conversión ao cristianismo ou a expulsión de España (...). A maioría optou polo primeiro, cando menos sobre o papel, sendo coñecidos na época como “cristiáns novos de mouro ou mouriscos”.”
- **M.García Rupérez: A expulsión dos mouriscos do reino de Granada, 2014**
- **Que trato reciben os mouriscos?**
- **A que se lles obrigou?**
- **A partir de cando?**

DOC.6 A CONVERSIÓN FORZOSA DOS MOURISCOS

Desde as capitulacións asinadas en Santa Fe, (1491), aos musulmáns granadinos permitiúselles o uso do seu dereito e da súa lingua, e garantiúselles a liberdade relixiosa e a conservación das súas propiedades (...). Pero moi axiña, a intransixencia do cardeal Cisneros propiciou medidas menos tolerantes que culminarían co decreto do 12 de febreiro de 1502 polo que os Reis Católicos cominaban os musulmáns, (...) dos Reinos de Castela e León a que elixisen entre a conversión ao cristianismo ou a expulsión de España (...). A maioría optou polo primeiro, cando menos sobre o papel, sendo coñecidos na época como *cristiáns novos de moro ou mouriscos*.

M. GARCÍA RUIPÉREZ: *A expulsión dos mouriscos do reino de Granada*, 2014.



Os Reis Católicos adorando a Virxe co Neno, táboa do século XV.


Pedro BERRUGUETE: *Auto de fe presidido por San Domingo de Guzmán, cara ao ano 1495.*



A partir de 1480, os xudeus tiveron que levar un distintivo. Retablo da época.



Bautismo dos mouriscos do reino de Granada. Capela Real da catedral de Granada, século XVI.



A difusión do humanismo

3.- A unificación e a expansión territorial

- 3.1.- A unificación do territorio hispánico
- 3.2.- A política internacional
- 3.3.- A chegada a América

3.1.- A unificación do territorio hispánico

- Unidas as dúas Coroas
 - Os Reis Católicos coincidían na necesidade de completar a **unificación territorial dos reinos hispánicos**
 - Para consolidar un estado forte que se puidese expandirse fóra da Península
- Deste xeito actuaron
- **No reino de Granada**
 - Castela, coa axuda aragonesa, abriu de novo as hostilidades contra o derradeiro reduto musulmán da Península
 - O reino de Granada foi definitivamente anexionado á Coroa en 1492
- **No reino de Navarra**
 - Fernando de Aragón, sendo xa rexente de Castela tras a morte da raíña Isabel, incorporou Navarra a Castela en 1515
 - Aínda que conservou a súa autonomía e mais as súas institucións
- **No reino de Portugal**
 - Os Reis católicos prepararon tamén a anexión de Portugal á Coroa
 - Mediante unha hábil política matrimonial



DOC.1 A EXPANSIÓN TERRITORIAL



1. Cara a onde se expandiron a Coroa de Castela e a Coroa de Aragón?
2. Como se produciu a unificación peninsular?
3. Relaciona o mapa coa política exterior dos Reis Católicos.



▼
Francisco PADILLA: *A rendición de Granada*,
1882.



Conquista de Granada polos Reis Católicos.



Os Reis Católicos e o seu exército
entran en Granada. Relevo da
Capela Real da catedral de
Granada, século XVI.

3.2. A política internacional (1)

- Como todos os monarcas autoritarios, os RRCC adicáronlle amplos esforzos á **política exterior**
- **Cabe destacar:**
 1. **O sistema de alianzas e a política matrimonial**
 - Realizaron unha intensa **política matrimonial** mediante a formalización de alianzas con diversos reinos europeos:
 - Co Imperio alemán: ao casar a súa filla e herdeira **Xoana con Filipe**, fillo do emperador Maximiliano I
 - Con Inglaterra: ao casar a outra filla **Catarina co futuro monarca Henrique VIII**
 - Con Portugal: A través dun complexo proceso dominado por
 - As sinaturas de diversos tratados
 - **O matrimonio das fillas dos Reis Católicos Isabel, e logo María, co rei de Portugal Manuel o Afortunado**



Filipe o Famoso e Xoana, filla dos Reis Católicos. Miniatura do século XVI.

Austria

Castela

Aragón

Portugal

Inglaterra

Isabel I

Fernando II

Margarida

Xoán

Isabel

Afonso I

Catarina

Arturo

Filipe I

Xoana I

María

Manuel II

Henrique VIII

Carlos I

Isabel

Filipe II

María Tudor



3.2. A política internacional (2)

2. Os enfrontamentos con Francia e Italia.

- A habilidade diplomática do rei Fernando permitiu:
 - A recuperación para Aragón os **territorios do Roselló e da Cerdaña** en 1493 (Tratado de Barcelona), que o seu pai Xoán II lle cedera ao rei de Francia
- Máis tarde, as guerras con Francia tiveron Italia como escenario principal
- Fernando II organizou un poderoso exército que
 - Venceu os franceses en 1504
 - Permitiu consolidar o dominio da Coroa de Aragón sobre **Nápoles**



Europa a principios do século XVI





▼
Miniatura que ilustra a marcha cara a Italia do rei francés Luís XII.

3.2. A política internacional (3)

3. A expansión no Norte de África e no Atlántico

- A partir de 1505, e para frear o avance musulmán no Mediterráneo
 - Os Reis Católicos levaron a cabo unha intensa actividade de conquistas
 - Que lles asegurou o **dominio da costa de África**: Penedo da Gomera, Orán, Buxía e Trípoli
 - Sumáronse á conquista de **Melilla** en 1497
- Así mesmo, o apoio de comerciantes andaluces
 - Permitiu a ocupación definitiva das **Illas Canarias**, que se iniciara anos antes
 - No ano 1496 completouse o control do arquipélago coa conquista de **Tenerife**

4. As relacións con Portugal

- A pacificación con Portugal foi un proceso dominado pola sinatura de diversos tratados, entre os que destacan
 - O **tratado de Alcaçovas** en 1479, mediante o cal os portugueses conseguiron o control da costa africana a cambio de renunciar ás súas pretensións sobre a Coroa de Castela
 - O **Tratado de Tordesillas** en 1494, que lles deu o control do actual Brasil

UNIFICACIÓN TERRITORIAL





Pintura de Xoán de Borgoña que representa a conquista de Orán, século XVI.

3.3.- A chegada a América

- Dende a conquista das **illas Canarias** os casteláns abriran rutas no Atlántico
 - Pero eran os portugueses, pioneiros en viaxes e descubrimentos, os que dominaban as vías marítimas
- Colón propón unha **nova ruta ao oeste para acceder a Asia**, na procura de ouro e especias, baseada na esfericidade da terra
 - Portugal rexéitaa en 1486, pois pretende facelo bordeando África
 - Isabel de Castela remata aceptando
- Nas **Capitulacións de Santa Fe** en 1492 Colón e os reis acordan o reparto de posibles cargos e beneficios
 - Na 1ª viaxe con tres pequenas naves, do 3 de agosto ao 12 de outubro de 1492, Colón chega ao Caribe (Guanahaní, Cuba e A Española)
 - Na 2ª viaxe en setembro de 1493 vai con 17 barcos e 1200 homes polas expectativas de riqueza xeradas
 - Na 3ª e 4ª viaxe Colón chega ás costas continentais, pero morre en 1506 convencido de ter chegado a Asia
- En 1511 conclúe a **conquista das grandes illas das Antillas**
 - As riquezas descubertas resultan menores do agardado
 - A poboación é escasa
 - O clima é desfavorable para o desenvolvemento da agricultura, tal e como se practica en Castela
 - Pero as expectativas de atopar un novo continente con moitas terras son evidentes



Os portugueses, ao longo do século XV, abriam rotas no Atlântico para circunnavegar África e acceder ao Índico para o comércio das especiarias



O comercio das especias.




Portolano do século XVI.



O compás servía para manter o rumbo. O astrolabio determinaba a latitude a partir da posición das estrelas.





vela cadrada: permitia navegar a maior velocidade

cofa

pau trinquete

pau maior

vela triangular: usábase para manobrar

pau mesana

castelo de popa

camarote do capitán

popa

temón: marcaba a dirección da nave

temoneiro

mapas oceánicos

bodega: almacén de provisións

caderna: cada unha das pezas de madeira dura coas que se construía o casco do barco


proa

castelo de proa

áncora

zapón de carga

Unha carabela.



Os grandes descubrimentos xeográficos.



As rutas portuguesas.



Vasco da Gama foi o primeiro navegador que alcançou a Índia. O rei de Portugal, Manuel I, recompensou-o nomeando-o

Doc.2.- Os erros de Colón

- **Os datos nos que se baseaba Colón eran erróneos**
 - Colón cría que a esfera terrestre era menor do que é en realidade
 - Segundo el, o círculo ecuatorial medía uns 29 000 km cando en realidade ten 40 000
 - Segundo Colón, ademais, a distancia entre as Canarias e Cipango (actual Xapón) era duns 4500 km
 - Unha viaxe marítima de pouco máis dun mes bastaba, segundo este cálculo, para cubrir esta distancia
 - En realidade, esta distancia é de 20 000 km, nos que se inclúen o Atlántico, América e o Pacífico
- Pero ocorreu que na primeira viaxe Colón saíu de Canarias
 - Tras percorrer 4500 km atopouse coa illa de Guanahaní
 - Esta coincidencia nas distancias fíxolle crer ao navegante que a súa teoría estaba confirmada


DOC.2 Os erros de Colón

Os datos nos que se baseaba Colón eran erróneos. Colón cría que a esfera terrestre era menor do que é en realidade (segundo el, o círculo ecuatorial medía uns 29 000 km cando en realidade ten 40 000).

Segundo Colón, ademais, a distancia entre as Canarias e o Cipango (actual Xapón) era duns 4 500 km. Unha viaxe marítima de pouco máis dun mes bastaba, segundo este cálculo, para cubrir esta distancia. En realidade esta distancia é de 20 000 km, nos que se inclúen o Atlántico, América e o Pacífico.

Pero ocorreu que na primeira viaxe Colón saíu de Canarias e, tras recorrer 4 500 km, atopouse coa illa de Guanahani. Esta coincidencia nas distancias fíxolle crer ao navegante que a súa teoría estaba confirmada.

A nave de Santa
María formou
parte da expe-
dição de Colón,
que saíu ao mar
do porto de Pa-
los en agosto de
1492. Litografía
na Epístola de
Insulis Inventis,
1493.





Partida de Cristovo Colón do porto de Palos, segundo un cadro do sevillano Juan Cabral Bejarano, século XIX.


As viaxes de Colón






Gravado de 1594 que amosa a chegada de Colón á illa de Guanahaní.

O tratado de Tordesillas





As viaxes de Colón e a repartición do mundo.



O mapa imaxinado por Colón.



Planisferio de Cantino, 1502





Representación do Atlas Miller de 1519, que amosa as costas recortadas das illas do Caribe e parte das costas de América Central e do Sur.